



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de San Sadurniño para que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo conteste expresamente o escrito presentado polo promotor deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: M.8.Q/16345/23

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2024

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de don XXX, referente a unha denuncia ao Concello de San Sadurniño sobre estado da estrada entre o lugar da XXX ata o lugar das XXX, sen recibir contestación.

ANTECEDENTES

Primeiro: En data do 20 de decembro do 2023 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“Queixa: el 16/8/22 se presenta por sede electrónica al Concello de San Sadurniño en A Coruña denuncia sobre estado de carretera desde el lugar de la XXX hasta el lugar de las XXX, sin recibir contestación de ningún tipo. Solicitando reparación de los baches, ya no digamos del asfaltado (estando toda la carretera mal). Solicito intervención del Valedor do Pobo para que inste al concello en primer lugar a contestar los escritos remitidos y en segundo lugar a adoptar medidas de mantenimiento que den lugar a la reparación de lo comentado. Se adjunta escrito presentado por sede Electrónica. Hay más vecinos que reclamaron lo mismo sin contestación.”

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba,



requirindo o preceptivo informe ao Concello de San Sadurniño con data do 28 de decembro do 2023 (R.S. 22715/23).

TERCEIRO.- Con data do 10 de xaneiro do ano en curso (R.E.337/24), recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

“Expediente Valedora do Pobo: XXX

Expediente Concello de San Sadurniño: XXX

Con data 29 de decembro de 2023 rexístrase no Concello de San Sadurniño (número XXX) requerimento desa Valedora en relación á queixa formulada por D. XXX en relación á petición de asfaltado ou arranxo dunha vía que se identifica polo percorrido de XXX ata As XXX.

Consta no rexistro de entrada do Concello escrito remitido polo mesmo solicitante de data 16 de agosto de 2022 (XXX) onde refire que dita estrada está chea de baches e solicita o seu arranxo.

Informar que con carácter xeral as solicitudes de arranxo de vías, rebacheos ou acondicionamento de viais, con carácter de procedemento de queixa ou suxestión, son comunicadas ao concelleiro de servizos e analizadas polo equipo de goberno a efecto da súa inclusión, normalmente, en proxectos xerais de pavimentación ou acondicionamento de estradas a través de financiación específica ou fondos propios. O Concello de San Sadurniño carece de medios persoais, materias e económicos para realizar actuacións de carácter puntual a petición específica dos usuarios, sendo que a visión das actuacións debe ser sempre con carácter xeral e global do territorio municipal e dentro dunha planificación orzamentaria e técnica que resposte ás esixencias de economía e eficiencia tanto dende o punto de vista económico como procedimental. En tal sentido, dita solicitude foi tida en conta para a elaboración desta planificación xa no orzamento de 2023, dentro dunha actuación máis completa sobre diferentes vías municipais, e que procedeuse ao acondicionamento da mesma.

Quérese matizar tamén que por parte desta Alcaldía realízanse visita in situ dos diferentes viais municipais, sendo que este en concreto atópase en situación de uso correcto e normal, existindo pequenas imperfeccións no firme derivadas precisamente deste uso, que non impiden o tránsito nin por vehículos nin por persoas, sempre e cando se realice á velocidade normal e permitida pola vía. Como se sinalou, o Concello realiza un estudo e programación anual das posibilidades de incluír a maior cantidade de tramos de vías municipais dentro dun



proxecto máis amplo como corresponde á consideración xeral de mantemento de vías públicas municipais, e neste caso existiu unha actuación concreta no exercicio 2023, o que non obsta para que en sucesivos anos sexa contida novamente dentro da actuación e competencia de mantemento xenérico das vías públicas, debendo lóxicamente priorizarse as vías de carácter principal e as que conteñen un maior tráfico.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O promotor deste expediente quéixase de que :

- En data do 16 de agosto do 2022 presentara pola Sede Electrónica do Concello de San Sadurniño escrito sobre o estado de estrada dende o lugar da XXX ata o lugar das XXX.
- O 20 de decembro do 2023, transcorrido un amplo período de tempo dende que se dirixira a ese Concello de San Sadurniño, ao non recibir resposta, formula queixa ante esta institución da Valedora do Pobo.

Segunda: O artigo 103 da *Constitución Española* sinala que *a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.* Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula os *“Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”*, entre eles: *a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).*

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha repostada directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e



congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de San Sadurniño o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo o Concello de San Sadurniño debe contestar expresamente o escrito presentado polo promotor deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo